



Parlamento das Letras: Miguel Anxo Murado

Publicado o [05/09/2012](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/09/05/parlamento-das-letras-miguel-anxo-murado/>

A escrita de Miguel Anxo Murado é unha poalla milagrosa. Un vai internándose nela como un lector peregrino na procura dun esquivo graal e, nese incesante lidar cos soños das palabras, ao final decátase de que millenta finísimas pingas de tan estraña maxia foron tramando ata a cerna mesma dos ósos, que xa non hai modo de ollar o mundo sen ese aerosol luminoso, letra líquida que te atravesa como unha chuva de neutrinos.

Pasaron máis de vinte anos, pero lembro como se fose hoxe a voltaxe imaxinativa que me electrizou ao ler ese portento onírico que se chamou De soños e derribos. E tamén a estordegada no centro mesmo do cardias cando temía que impactasen contra min os proxectís de Ruído; a empatía que me abrollaba nos adentros para cos naufragados, os desherdados e desafuzados de Mércores de cinza; a escrita loba, febril, alucinada que posúe O soño da febre e, por suposto, o delicioso e irónico absurdo das Historias peregrinas, a densidade conceptual e transcendente do Bestiario dos descontentos, as mil vidas vividas do Lapidario de heterodoxos e aínda as prosas reveladoras e viaxadas do Caderno de Xapón e o Fin de século en Palestina.

A literatura de Murado é unha experiencia e unha aprendizaxe. Sábese da partida, nunca do destino. ¿E el servirán estas súas verbas de venturoso fío de Ariadna?...

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro texto nun medio profesional foi un poema que quitei en *El Progreso* de Lugo, creo que no ano 1979. Pero a miña paixón pola literatura nacera dun feito moi circunstancial nese mesmo ano. En primeiro do que entón se chamaba BUP un profesor suplente de literatura premiárame con tres sobresaíntes tres redaccións que fixera, e aquilo animoume moito. O profesor era Claudio Rodríguez Fer, o gran poeta e filólogo galego, pero eu daquela iso non o sabía. Logo, axiña publiquei a miña primeira novela, *Metamorfosis Benecianas*, no 1983, coa que tiveron a sorte de gañar un premio, moi novo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

O meu libro mellor tratado pola crítica foi, curiosamente, o que tivo menos éxito de público, posiblemente: *Caderno de Xapón*, un ensaio sobre ese país. *Mércores de cinza* recibiu unha crítica feroz ao saír, en cambio, pero gustou aos lectores. Non me laio, tamén tiven moi boas críticas. Creo que as críticas negativas teñen algo que ver coa miña posición un tanto á marxe do mundo literario galego. Paradoxalmente, penso que iso tamén me proporcionou algúns defensores entre os críticos.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Son pouco maniático, en xeral. Non sei se escribir a man se pode considerar xa un hábito singular, pero resúltame máis cómodo, o mesmo que ler en papel e non no ordenador. Máis que manías teño costumes na técnica, como escribir sempre o final dun relato antes que o principio ou concibir unha trama en escenas e fragmentos, quizais pola influencia do traballo de guionista.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Figurar nunha antoloxía xa sería honor abondo, non me consideraría co dereito a escoller con quen.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Un moi menor: penso que fixen un esforzo por axudar a crear un columnismo literario en lingua galega, moderno, que recollese a tradición da escrita en xornais precedente, pero que incorporase outros temas e un estilo máis actual.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Todos os libros que me gustan léooos moitas veces, ata o punto de saber pasaxes moi longas de memoria. Empecei a facelo como exercicio de aprendizaxe, para interiorizar o estilo dos escritores que me gustaban, e quedou como hábito. Son desde clásicos como *Guerra e paz* ata novelas pouco coñecidas, como *A boca do cabalo* de Joyce Cary ou os relatos de Isaac Babel, que lin centos de veces. Dos escritores galegos, ao que máis teño lido é a Cunqueiro, sobre todo os seus artigos.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Empecei a escribir en galego cando non existía aínda unha norma lingüística nin ensino en galego. Había un par de editoriais, unha ducia de escritores e uns poucos centos de lectores. O que hai agora non me pode parecer máis que unha mellora en todos os sentidos. Faltan lectores, pero isto pásalles a todas as literaturas.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Teño moitos libros na cabeza, desde hai anos, que nunca me animo a escribir. Pero xa sei que non os escribirei. Nese sentido, o tempo esgótase cada día. Pero por non deixar a pregunta sen responder: levo quince anos dándolle voltas a un libro sobre o pracer de ler mapas. Imaxina: no tempo que pasou, o mapa en papel practicamente desapareceu. Se o escribo xa non vai ser como fascinación, senón como nostalgia.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Hai moi bos escritores e escritoras, hai unha poesía excelente, seguramente da mellor que se fai en Europa, e un sistema sólido. A dependencia excesiva do lector-estudante é un problema xeneralizado, que quizais se agrava nunha lingua como o galego. E a crise económica, máis o que

eu creo que é unha interpretación equivocada dos cambios tecnolóxicos, está creando un certo desánimo. Pero no lado creativo, é o mellor momento da nosa literatura, probablemente.